


## CONVOCATORIA DE PRENSA

### INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN

### “GALICIA ESCANDINAVA”

### NO CONCELLO DE CARRAL



**Carral, 10 de marzo de 2020.-** A Fundación Carlos Casares, no marco das actividades do programa O teu Xacobeo, da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, organiza a exposición “*Galicia escandinava. O Camiño do Oeste a Santiago de Compostela*”. A inauguración *exposición*, na que colabora tamén a Fundación Penzol, terá lugar o martes 10 de marzo ás 13.00h no Local da Xuventude do Concello de Carral. No acto estarán presentes o comisario da mostra, Gustavo Adolfo Garrido; o administrador da fundación Håkan Olof Casares; o alcalde de Carral, Javier Gestal; e Cecilia Pereira, comisaria do Xacobeo 2021.

A exposición ten o obxectivo de poñer en valor o fenómeno Xacobeo e a peregrinación escandinava a Santiago de Compostela, salientando a riqueza cultural, natural e humana desta vía de peregrinación que desemboca no Camiño Inglés. Para a Fundación, esta mostra ten un significado especial debido aos lazos que uniron a Carlos Casares con Suecia, a través da súa dona Kristina Berg, a nosa primeira presidenta.

**Máis información:** Fundación Carlos Casares / [info@fundacioncarloscasares.org](mailto:info@fundacioncarloscasares.org)  
Gustavo A. Garrido: 616.761.749 / [galiciaescandinava@gmail.com](mailto:galiciaescandinava@gmail.com)  
Web: [fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava](http://fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava)

#### INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “GALICIA ESCANDINAVA”

Data: *10 de marzo de 2020.*

Hora: *13.00 horas.*

Lugar: *Local da Xuventude do Concello de Carral (Alcalde Juan Seijas, 8).*